

# ESTATUTOS

## DENOMINACIÓN, AMBITO E DOMICILIO

### TITULO I

#### DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**Artigo 1º.-** 1.- Constitúese no Concello de Baleira unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A Asociación ten a seguinte denominación “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA MARRONDA”.

2.- A Asociación rexerese por estes estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2º.-** O domicilio da Asociación radicará en Abrairas 6, 27278 A Braña, Baleira.

**Artigo 3º.-** A Asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Baleira.

**Artigo 4º.-** 1.-A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

**Artigo 5º.-** 1.- Son fins principais da Asociación:

- a) Divulgar o valor do patrimonio natural e histórico da Fraga de A Marronda e o seu entorno.
- b) Realizar e promocionar actividades culturais e recreativas que contribúan a promocionar a Fraga da Marronda, A Ruta da Marronda así como outros lugares de interese turístico do Concello.
- c) Colaborar nos proxectos e actividades de Institucións Públicas e Privadas con intereses comúns.

- d) O estudio e resolución dos problemas comúns dos asociados, relacionados co medio tanto local, como rural e a vida social do territorio que asignan os Estatutos.
- e) A Asociación non ten fins lucrativos nin está sometida a ningún réxime asociativo específico.

2.- Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organiza-las seguintes actividades:

- a) Organización de actividades socio – culturais, deportivas, lúdicas tales como festas, romerías, feiras, etc.
- b) Organización de seminarios, conferencias, cursos e actos análogos.
- c) Elaboración e edición de materiais informativos, folletos, revistas e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación.
- d) Cantas outras actividades lícitas sexan da conveniencia dos intereses comúns da Asociación e os seus Asociados.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **TITULO II DOS ASOCIADOS, DEREITOS E OBRIGAS**

**Artigo 6º.-** Poderán ser membros da Asociación, libre e voluntariamente as persoas físicas e as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan estas públicas ou privadas, que dalgunha maneira teñan interese en servi-los fins da Asociación e sexan admitidos pola Xunta Directiva, a cal poderá outorga-lo nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que iso leve consigo a condición xurídica de asociado.

As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito. Os menores non emancipados de máis de catorce anos necesitarán o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán para formar parte da Asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano rector.

**Artigo 7º.-** Aquelas persoas que desexen pertencer á Asociación, solicitarano por escrito ó Presidente o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do asociado con recurso perante a Asemblea Xeral. Para adquirir a condición de socio esixirase unha única cuota de entrada que será voluntaria, sen establecerse posteriores cotas periódicas anuais.

**Artigo 8º.-** Os asociados poderán solicitar a súa baixa na Asociación voluntariamente, en calquera tempo, pero isto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aqueles asociados que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponía a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 9º.-** Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponía a sanción.
4. Posuír exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
5. Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

**Artigo 10º.-** Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Paga-las cotas que se establezan.
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.
5. Acata-lo contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conducta individual e cívica.

### **TÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 11º.-** A dirección e administración da asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

**Artigo 12º.**

1.- O Presidente da Asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará 4 anos. Será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidi-las sesións que celebre a Xunta Directiva; presidi-las sesións da Asemblea Xeral; dirixi-las deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

**Artigo 13º.**

1.- A Xunta Directiva estará formada polo Presidente da Asociación, un Vicepresidente, un Secretario e un Tesoureiro.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

3.- A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

a) Facelemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

b) Renuncia voluntaria.

c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.

d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por  $\frac{3}{4}$  dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

**Artigo 14º.-** A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Leva-la xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral.
5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
6. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Propoñer-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.

1. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

**Artigo 15º.**

1.- A Xunta Directiva será convocada polo Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do Presidente e o Secretario ou persoa que o substitúa.

O Secretario levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

**Artigo 16º.-** Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

**Artigo 17º.-** A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán o Presidente e o Secretario da Xunta Directiva.

**Artigo 18º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 19º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente unha vez ó ano no período que vai desde mes de xaneiro ó mes de marzo. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo Presidente da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas Extraordinarias.

**Artigo 20º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades da Asociación.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
3. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.

4. Para cantas outras cuestións se sometan á votación no capítulo de rogos e preguntas.

5.

**Artigo 21º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixir e cesa-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la Federación con outras Asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agarda-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

**Artigo 22º.** A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do Presidente e o Secretario ou persoa que o substitúa.

**Artigo 23º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados do 1 ó 7 do artigo 21º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó Libro de Actas e asinarao o Presidente e o secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

**Artigo 24º.-** Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a presenta-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ó debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

**Artigo 25º.-** Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 26º.-** 1. O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notifica-las convocatorias, custodia-las actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do Presidente. O Secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

**Artigo 27º.-** 1. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

#### **TITULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 29º.-** A Asociación carece de patrimonio ó constituirse e o seu presuposto anual é indeterminado ou, no seu caso, será o que se determine a principios de cada ano pola Asemblea Xeral.

**Artigo 30º.-** O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. As contas da Asociación serán aprobadas anualmente pola Asemblea Xeral, polo que deberán ser postas previamente a disposición dos asociados durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da referida Asemblea Xeral.

**Artigo 31º.-** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

1. As cotas periódicas que acorde a Asemblea Xeral.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poida recibir en forma legal.
4. Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realiza-la Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins estatutarios.
5. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 32º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da Asociación.

**Artigo 33º.-** Anualmente, con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**Artigo 34º.-** Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do Presidente e do Secretario.

**Artigo 35º.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola asociación.

## **TITULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 37°.-** Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

**Artigo 38°.-** A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

**Artigo 39°.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o Presidente e o Tesoureiro, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 40°.-** O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

En proba de conformidade co presente proxecto de Estatutos, asinan tódolos membros constituíntes da Asociación que se propón.